


AFORRO DE AUGA NA UDC: AXUSTE DAS CHAVES NOS LAVABOS

Se ben o consumo de auga na UDC mostra unha **caída gradual** no tempo, nos últimos anos esta foi inferior e continuamos a ter un consumo bastante elevado na actualidade. Aínda superamos os **60 millóns de litros** cada ano!




É por iso que a UDC promove a adopción de diferentes medidas para **reducir o consumo** e mellorar a eficiencia do uso da auga.

A seca de 2017 foi un aviso claro sobre a importancia de reducir o consumo de auga. Nos primeiros meses de 2019 volvemos a ter un inverno moi seco. O **Cambio Climático** é unha realidade que non podemos esquecer, e a mellor adaptación ao mesmo é facer un uso máis eficiente da auga que nos chega desde **os ríos** da nosa comarca.

O programa de aforro de auga na UDC conta con tres elementos básicos de actuación:

- 1) Medidas sen custo económico: Axuste do caudal
- 2) Medidas de baixo custo: Instalación de aireadores eficientes, arranxo de chaves
- 3) Medidas de custo medio/alto: Muda de billas e cisternas de dobre carga

AXUSTE DO CAUDAL MEDIANTE A CHAVE



- Caudal moi excesivo (10-15 L/min)**
- Caudal excesivo (5-10 L/min)**
- Caudal adecuado (2-4 L/min)**: é o noso obxectivo, a regular mediante chave.


Con este axuste redúcese o consumo en **máis do 50%**



Unha billa de pulsador pode descargar até 5 litros de auga cada vez!!! Nós podemos facer que non pase de 0,5 litros.

A UDC está a arranxar moitas destas chaves, se están avariadas, para facilitar a redución do consumo de auga. Unha vez arranxadas, **precisamos a colaboración de todas e todos para manter o caudal no óptimo.**

INFORMAR ÁS PERSOAS USUARIAS



O uso responsábel da auga é un obxectivo que debemos compartir toda a comunidade universitaria.

Para **sermos conscientes** deste obxectivo, compre termos **información ben visible** en cada lugar onde se aplicaron medidas.

+Info: Oficina de Medio Ambiente
 981.167.000 Ext. 5626 / 7769
 oma@udc.gal / oma2@udc.gal